




DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 25 de outubro de 2024



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 25 DE OUTUBRO DE 2024.

*Declaración institucional en condena do asasinato homófobo de Samuel Luiz.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/2024, de 27 de setembro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 21 de setembro ata o 18 de outubro de 2024.
3. Aprobación da comparecencia da deputada, dona Rosa Ana García López, en calidade de deputada delegada de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao concello de Ferrol para cofinanciar a realización do premio da crítica 2024 na cidade de Ferrol, programación de cine con películas baseadas en grandes obras literarias, organización e realización do concurso internacional de piano.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

5. Aprobación do texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Bergondo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Rehabilitación enerxética (ventilación con recuperador de calor) e outras actuacións construtivas nas escolas infantís municipais de Carrio, Lubre, Silvoso e Vixoi do concello de Bergondo
6. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro.
7. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de recuperación e mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da avenida da Coruña.
8. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Malpica de Bergantiños polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da adquisición de tractor-desbrozadora e camión-grúa
9. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Sada polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma interior de edificación existente (antiga escola de Carnedo).
10. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Mazaricos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma e ampliación do edificio de protección civil da Picota.



11. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión.
12. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de renovación dun tramo da rede de abastecemento municipal e pavimentación no camiño de Outeiro Sombreu.
13. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora do parque da feira.
14. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario.
15. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora de accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.
16. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Oroso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de execución de acondicionamento de zona de ocio e deportiva en Porto Avieira.
17. Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Padrón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera.
18. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Vilasantar polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de construción de nave para destinala a servizos básicos municipais.
19. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de saneamento e humanización da rúa Rosalía de Castro.
20. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto Carballo para a infancia.
21. Dación de conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto Carballo para a infancia relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto Carballo para a infancia.
22. Aprobación do novo proxecto coa actualización de prezos para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro", aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia e aprobación do texto do convenio



de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol "O Outeiro".

23. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Abegondo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre o Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos).

24. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de construción de beirarrúas na Avenida da Maía en Bertamiráns.

25. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Val do Dubra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actuacións de mellora no entorno do CPI de Bembibre.

26. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Dodro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible.

27. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de A Baña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras para o arranxo da pavimentación de vías públicas entre Vilar da Torre e Lañas.

28. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Mañón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de adquisición dun camión de caixa basculante con grúa.

29. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Ribeira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de instalacións e urbanización exterior do centro social de Carreira, do Concello de Ribeira.

30. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Oza-Cesuras polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora de firme da estrada de acceso as parroquias de Cutián, Figueredo, Carrés e Probaos.

31. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Oroso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de execución de instalación de paneis de sinalización urbana para o casco urbano de Sigüeiro.

32. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de rehabilitación do pavillón polideportivo municipal.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

33. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Senda peonil dende



o polígono do Tambre ata o centro sociocultural da Gracia", do Concello de Santiago de Compostela, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2100.0052.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

34. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación beirarrúas e servizos en Sobrado do punto quilométrico 22,095 ao 22,215 da AC-934", do Concello de Sobrado incluído Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0251.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

35. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a agosto de 2024.

36. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a setembro de 2024.

37. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 5/2024 de aprobación polo Pleno.

38. Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024, referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022, coa inclusión dos elementos de risco detectados na intervención previa e comunicados pola Xefa de Servizo de Fiscalización.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

39. Aprobación da modificación da cláusula de vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Concellos do Camiño Inglés polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Mellora e posta en valor do Camiño Inglés".


40. Aprobación da modificación da cláusula de vixencia do convenio de cooperación interadministrativa entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Rehabilitación da Capela do Pazo de Goiáns".

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

41. Aprobación do proxecto da obra DP 0905 Betanzos ao límite da provincia de Lugo. Reforzo do firme e mellora superficial nos termos municipais de Paderne e Monfero (PADERNE).

42. Aprobación do proxecto da obra Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP 0813 Sada a Armuño punto quilométrico 1+490 ao 4+920 (BERGONDO).

43. Aprobación do proxecto Mellora de firme na DP 1902 Carballo a Razo entre o punto quilométrico 2+400 e o 9+000 (CARBALLO).



ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

- 1.Moción do Grupo Popular contra o desmantelamento da seguridade preservada pola Garda Civil na provincia da Coruña.
- 2.Moción do Grupo Popular sobre a gratuidade dos bonos do tren.

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 25 de outubro de 2024.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 25 de outubro de 2024, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside en ausencia do titular: don Xosé Regueira Varela, presidente en funcións da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día.



Primeiro, pedir desculpas por empezar un pouquiño tarde.

Antes de proceder á orde do día da sesión hai, por unanimidade dos grupos, a lectura dunha declaración institucional.

Sra. Secretaria

Declaración institucional en condena do asasinato homófobo de Samuel Luiz.

O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, un mozo de 24 anos, foi asasinado na Coruña tras unha brutal agresión homófoba. Este asasinato, que conmocionou á toda a sociedade, puxo de manifesto, unha vez máis, a persistente e violenta LGTBIfobia que segue presente no noso país.

A resposta social foi inmediata, con manifestacións en toda España pedindo “Xustiza para Samuel” e condenando a violencia homófoba. Estas accións demostraron que a sociedade reclama políticas máis contundentes para protexer os dereitos do colectivo LGTBI e garantir unha convivencia libre de odio e discriminación.

Con todo, este crime non é un feito illado. Os delitos de odio, e en particular os relacionados coa orientación sexual e a identidade de xénero, experimentaron un preocupante aumento nos últimos anos.


O xuízo polo asasinato de Samuel Luiz representa un momento clave non só para facer xustiza, senón tamén para reafirmar o compromiso das administracións na loita contra a LGTBIfobia. As políticas públicas deben centrarse en previr estes delitos, protexer ás vítimas e fomentar unha cultura de respecto pola diversidade. A violencia e a LGTBIfobia non poden ter cabida nunha sociedade que aspira á igualdade e á convivencia pacífica.

O Pleno da Corporación Provincial aproba esta Declaración Institucional e acorda:

1. Condenar a agresión homófoba que causou o asasinato de Samuel Luiz e expresar o rexeitamento máis firme desta cámara ante calquera forma de violencia e odio motivada pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
2. Trasladar o apoio e a solidariedade á familia e amigos de Samuel Luiz, así como o seu compromiso coa xustiza.
3. Instar ás administracións públicas competentes a intensificar as accións dirixidas a erradicar a LGTBIfobia e calquera forma de discriminación e odio, mediante políticas educativas, campañas de sensibilización e o apoio ás vítimas.
4. Condenar todas as condutas que atenten contra a dignidade e os dereitos do colectivo LGTBI e manifestar o compromiso desta Deputación coa construción dunha sociedade inclusiva, diversa e libre de odio.

Sr. Presidente

Moi ben. Procedemos aos puntos da orde do día.



1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/2024, de 27 de setembro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 10/2024, de 27 de setembro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 21 de setembro ata o 18 de outubro de 2024.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 21 de setembro ata o 18 de outubro de 2024.

3.- Aprobación da comparecencia da deputada, dona Rosa Ana García López, en calidade de deputada delegada de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente.

INTERVENCIÓNS

Sr. Presidente

O punto número 3, que é a petición de solicitude dunha comparecencia da deputada Rosa Ana García López, como non está ditaminado, ao grupo que a presenta, rógoles que xustifique a urxencia porque temos que ratificar a urxencia.

Non foi a comisión, polo tanto hai que incluílo como punto urxente na orde do día, hai que votar a urxencia. Polo tanto...

Sr. Ben Otero

Señor presidente, nosotros en el escrito que hemos presentado yo creo que está suficientemente motivada la urgencia de la solicitud de la comparecencia. Es decir, hay una serie de preguntas que nos preocupan, hay una serie de preguntas que nos hacemos y hay una serie de preguntas que, según las respuestas que ustedes hagan, pueden poner en riesgo todo el sistema de subvenciones de la Diputación Provincial para el año 2025. Si usted cree que con esto no se está justificando la urgencia de la solicitud de esa comparecencia, pues entonces no sé a qué estamos en esta casa.

Sr. Presidente

Imos ver, o Plan estratéxico de subvencións, vostedes votaron a favor, todos os grupos votamos a favor, creo que se aprobou por unanimidade, non foi impugnado...

Sr. Ben Otero

Disculpe, es más, anticipando ya un poco del debate que se pueda producir después en caso de que se llegue a producir, no es solo que no votáramos a favor, no



votamos a favor en ninguna de las dos situaciones que se votaron ese día, porque nosotros, actuando de buena fe y con la mejor intención, solicitamos que se retirara el punto del orden del día, porque entendemos que se puede estar incurriendo en una grave situación de nulidad del plan. Pedimos que se retirara el plan, y ustedes doblemente, tienen doble dolo, por así decirlo, o retiro la palabra; no tienen doble dolo, han cometido un doble error votando, primero, en contra de la retirada y, segundo, votando a favor del Plan estratégico de subvenciones. Allá ustedes con las responsabilidades que han asumido ese día. No va a ser este diputado ni va a ser este grupo provincial del PP quien emprenda ninguna acción, pero yo no puedo hablar en nombre del millón de habitantes que tiene la provincia de La Coruña o si alguien está insatisfecho, poco satisfecho o muy insatisfecho con el sistema de subvenciones de la provincia de La Coruña. Allá ustedes con las consecuencias que han asumido con su doble voto en el pleno anterior. Y yo digo: si esto no justifica la urgencia, pues no sé lo que está justificando la urgencia. Nada más gracias.

Sr. Presidente

Ben, nós entendemos que se pode votar perfectamente, ou podería ir perfectamente a unha sesión posterior. Preferimos que pase pola Comisión correspondente para que poidamos ter toda a documentación e valorala, e a nosa proposta é que quede encima da mesa.

Sr. Ben Otero

Señor presidente le pido, por favor, un receso de 5 minutos en el Pleno, porque el Grupo Provincial del Partido Popular en este momento va a bajar a Registro a presentar la solicitud de un pleno extraordinario para la comparecencia de la diputada. Gracias.

Sr. Presidente

Concedido o receso.

De acordo co artigo 61 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña, o Presidente acorda unha interrupción da sesión.

Sr. Presidente

Xa estamos todas e todos. Procedemos a votar, entón, a urxencia do punto. Non está ratificado; polo tanto, hai que votar a urxencia.

Sr. Ben Otero

Señor presidente, Sr. Regueira, usted el otro día no vino a la Junta de Portavoces porque no pudo venir. Este tema se trató en la Junta de Portavoces, en ningún caso se habló de nada de esto, en ningún caso se habló de nada de esto. El punto está incluido en el orden del día y dice lo siguiente: "Aprobación de la comparecencia de la diputada". Voten sí, abstención, o no, No hay nada más que votar porque está incluido en el orden del día. Y yo, señor Regueira, soy justamente la mitad de *parvo* de lo que parezco, y no voy a aceptar una tomadura de pelo en este tema. Voten lo que dice el punto; el punto dice exactamente lo que dice, no se habla de urgencia para nada. El punto hay que votarlo tal cual figura. Si no, yo, sintiéndolo mucho, con todo lo que queda del Pleno por delante y con temas tan interesantes, el Grupo Provincial se retira del pleno.



Sr. Presidente

Imos ver, asesorado pola secretaria da Administración, a secretaria xeral, que me indica o punto 4 do artigo 56, di: "O presidente ou a presidenta, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgunha das persoas portavoces ou membros non adscritos, asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva comisión informativa. Mais neste suposto non poderá adoptarse acordo ningún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día". Polo tanto hai que ratificar a inclusión na orde do día.

Sr. Ben Otero

Vamos a ver, señor Regueira, señora Secretaria, esta convocatoria ¿quién la firma? ¿Quién firma la convocatoria del pleno, tal cual...

Sr. Presidente

O presidente.

Sr. Ben Otero

El presidente. Que dice, ¿me puede leer usted, por favor, el punto 3, si es tan amable?, o se lo leo yo.

Sr. Presidente

Aprobación da comparecencia da deputada dona Rosa Ana García López en calidade de deputada delegada de Industria e Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente.

Sr. Ben Otero

Dice eso, con lo cual está incluido en el orden del día. Mire usted, tampoco pasan por Comisión las mociones que presentan los grupos políticos; no pasan por comisión las mociones, se incluyen en el orden del día en el plazo establecido. Esto no es una acción de gobierno y no tiene por qué pasar por la comisión. Yo entiendo que la señora Secretaria está haciendo un trabajo a favor del Gobierno, me parece muy bien, pero creo que en este caso no está siendo exactamente todo lo objetiva que tendría que ser. El punto figura como figura y hay que votarlo como figura. Si no se vota como figura, el Grupo Popular se retira del Pleno. No vamos a aceptar ni una tomadura de pelo más por parte del Gobierno ni de la institución. Nada más, gracias.

Sr. Presidente

Eu insisto, a Presidencia neste caso –Presidencia accidental, ademais– está asesorada pola secretaria xeral desta Administración e eu evidentemente voulle facer caso á secretaria xeral, como llo facemos habitualmente, por iso non...

Por favor se queren falar, señor portavoz do PSOE, saian e falen fóra do salón de plenos.

Sr. Fernández Piñeiro

Eu estaba presidindo esa xunta de voceiros. Di: es que usted no estuvo en la Junta de Portavoces y habló. E vostedes foron a unha comisión informativa e non



preguntaron nada sobre este tema. Que fan vostedes nas comisións informativas? Ademais de ir cobrar, fan algo? A min gustaríame sabelo, porque o normal, se hai comisións informativas, os que van á comisión terán que ler a documentación que vai á comisión e, se teñen dúbidas, por iso hai unha quenda de rogos e preguntas nas comisións para que vostedes, se teñen dúbidas sobre algún tema, poidan preguntalo alí. Pero alí non preguntan e agora veñen con este teatro todo preparado, que é moi parecido a aquel que nos recordaba do Plan único cando se manifestaban aí diante para sacar a foto e vendelo. Porque, home, non creo que foran todos presentar o documento; pero, claro, queda máis bonito para a foto, que é o que perseguen vostedes, facer un teatro aquí, non sei a conta de que. Porque, ademais, é unha cuestión, xa non é de formas, é cuestión de comprensión lectora, señor Ben. Se vostedes leron os informes deste asunto, se leron os informes deste asunto, a maioría das preguntas que vostedes están formulando están neses informes as respostas. Pero non lles interesa a resposta, non lles interesa absolutamente nada; o único que lles interesa é facer este teatro que están facendo aquí, de baixamos nun receso, cando, mire, non sei por que non podían esperar a que acabara no Pleno para presentalo ou presentalo o luns, a solicitude de pleno. Tiña que ser agora, facer un receso para ir presentala todos en comitiva. Agora abandonamos o pleno. Home, fagan o que queiran, eh! A min paréceme unha falta de respecto, non aos que estamos aquí, que a min sinceramente non me afecta nin o máis mínimo, paréceme aos cidadáns aos que estamos representando.

Vostede xa solicitou un pleno extraordinario para este punto. Por tanto, o que se vote agora aquí non ten ningún tipo de sentido, ningún. E, home, chama a atención que agora incluso se cuestione o criterio de quen é a máxima autoridade xurídica desta institución. E iso de dicir que está defendendo os intereses do Goberno paréceme que debería vostede retiralo por respecto a esa persoa, e non son eu quen ten que representala, porque creo que ten dado suficientes exemplos nesta Administración, entre outras cousas esa comparecencia que están pedindo vostedes é precisamente por unha nota feita nun informe por esa persoa. Resulta que cando vale para pedir a comparecencia da deputada esa persoa é un funcionario que temos que ter en conta e respectar o seu criterio, pero despois cando nun pleno ese mesmo funcionario, di que o que vostede pretende facer, non pode ser porque hai que votar a urxencia, resulta que é porque axuda ao Goberno. Home hai que ter un pouco máis de coherencia e, como mínimo, máis respecto a esta institución e á xente que traballa nela. E paréceme unha tomadura de pelo esta teatrada que están facendo, e dígoo con todo o respecto do mundo, pero desde o punto de vista do ámbito político, que é para o que estamos aquí. E, se vostede xa solicitou un pleno, xa se vai tratar ese tema nun pleno, por que abandonan o Pleno? Sigamos tratando os puntos, agora fagan o que queiran.

Sr. Presidente

Señor portavoz do PSOE, está perfectamente explicado. Por darlle a palabra tamén ao resto dos grupos que a pediron, aínda que isto non había lugar a debate, pero... Gelo.

Sr. García Seoane

Hoxe non vou debater nada. Dicir que, se un asunto non está ditaminado, no Concello de Oleiros, polo menos, hai que votar a urxencia, hai que votar a urxencia para se se trata ou non se trata. O Concello de Oleiros é unha institución máis das que hai en Galicia, igual que os alcaldes que están aquí. Outra cousa é que algúns non saiban o que fan. Hai moitos que o saben, eu sei o que fago, e teño bos técnicos que informan. Por tanto, se un asunto non está ditaminado, hai que votar a urxencia, e nada máis. E, se se van do Pleno, que non se lles pague, por favor.



Sr. Presidente

Ben, os grupos son, evidentemente, soberanos en facer o que consideren. Non hai máis debate. Aquí...

Sr. Ben Otero

A lo que me ha interpelado y a lo que me ha acusado y a lo que a lo que me ha dicho, quiero responder. Aquí no estamos en Cuba, ni estamos en Corea del Norte ni estamos en Oleiros; estamos en la Diputación Provincial de La Coruña, y tengo derecho a responder a las acusaciones que me ha hecho.

Sr. Presidente

Responda, responda.

Sr. Ben Otero

Señor Fernández, yo en ningún caso pongo en tela de juicio lo que dice la secretaria, no lo he hecho nunca; es más, no lo hago tampoco, y usted que tanto habla de respetar a los habilitados se ve que no respeta demasiado, porque los reparos de la Intervención Provincial reiteradamente en este Pleno..., lo que pasa es que, claro, hay que hacer caso cuando interesa y cuando no interesa no. Vamos a dejarnos de tomaduras de pelo. Todo el respeto para doña Amparo, por supuesto, todo el respeto por su labor y trayectoria aquí, no tengo ninguna duda. Ahora bien, la cuestión es que el tema está incluido en el orden del día. El punto no dice inclusión o aprobación de la urgencia para la inclusión, habla de la comparecencia o no comparecencia. Está mal redactada esta convocatoria por parte de quien sea, o esto es algo novedoso. Y mi pregunta es: La moción de la Guardia Civil no pasó por comisión informativa. La moción del tren no pasó por comisión informativa, no tienen que ser dictaminadas por la comisión. ¿Por qué una solicitud de comparecencia tiene que ser dictaminada por una comisión? Explíquenme por qué y, es más, me gustaría recibir una respuesta por escrito del órgano competente, ¿por qué una solicitud de comparecencia tiene que ser dictaminada por una comisión informativa? Eso, a nuestro juicio, no es así. En las comisiones informativas se dictaminan los puntos del orden del gobierno de las actuaciones que lleva a cabo el Gobierno de la Diputación Provincial, no pasan los asuntos de la oposición, o la petición de explicaciones, mociones, preguntas ruegos, etc., por comisión informativa, no han pasado nunca y me parece que esto es un truco del almendruco, por así decirlo. No estamos de acuerdo con esta situación, no estamos de acuerdo. Y, es más, señor García Seoane, usted, si fuera por marcharse del Pleno antes de tiempo, a veces que ha habido aquí debates tendrían que restarle de sus ingresos de la Diputación bastante, porque se ha ido de los debates cuando le ha parecido conveniente. Y nosotros, mire usted, nos vamos a quedar hasta la aprobación del modificado de crédito, ahí nos vamos a quedar. A partir de ese momento nosotros abandonamos el Pleno.

Sr. Presidente

Imos ver, está debatido; sabemos a posición do grupo, e eu agárrome ao asesoramento da Secretaría Xeral desta Administración pública e, polo tanto vou solicitar a votación da urxencia para a inclusión na orde do día.

Procedemos á votación.



Vótase a ratificación da inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: ningún/ha deputado/a

Votan en contra: 14 deputados/as (8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: 14 deputados/as (PP).

Sr. Presidente

Procedemos ao debate e aprobación do punto número 4.

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao concello de Ferrol para cofinanciar a realización do premio da crítica 2024 na cidade de Ferrol, programación de cine con películas baseadas en grandes obras literarias, organización e realización do concurso internacional de piano.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **54.315,20 €**, ao Concello de Ferrol, para cofinanciar a *realización do premio da crítica 2024 na Cidade de Ferrol, programación de cine con películas baseadas en grandes obras literarias, organización e realización do Concurso internacional de piano*, cun orzamento subvencionado de 67.894,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recolleitos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de setembro de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a realización do premio da crítica 2024 na Cidade de Ferrol, programación de cine con películas baseadas en grandes obras literarias, organización e realización do



Concurso internacional de piano.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Ferrol.

EXPOÑEN

- 1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.
- 2.- Que o Concello de Ferrol, desenvolve dentro da súa programación o premio da crítica 2024 na Cidade de Ferrol, programación de cine con películas baseadas en grandes obras literarias, organización e realización do Concurso internacional de piano.
- 3.- Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción do deporte; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.
- 4.- Que, neste contexto, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar co Concello da Ferrol na súa Programación cultural do ano 2024, mediante a concesión dunha subvención nominativa.
- 5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Ferrol acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Ferrol**, con CIF: P1503700E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar a realización das actividades de culturais no ano 2024 que se indican deseguido:

- Premio da crítica 2024 na Cidade de Ferrol
- Programación de cine con películas baseadas en grandes obras literarias
- Organización e realización do Concurso internacional de piano.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Ferrol.

O Concello de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na



cláusula anterior, cun orzamento de **67.894,00 €** que se desagrega do seguinte xeito:

Realización do Premio da Crítica 2024 na cidade de Ferrol:

Concepto	Importe
Traslados, estancias e catering	13.000,00 €

Programación de cine con películas baseadas en grandes obras literarias:

Concepto	Importe
Traballos realizados por outras empresas	4.840,00 €

Organización e realización do Concurso Internacional de Piano:

Concepto	Importe
Retribución, traslados, estancias, e manutención xurado	26.804 ,00 €
Intérprete/presentador; afinador de pianos, gravación e retransmisión en streaming, realización de publicacións	13.250 ,00 €
Contratacións artísticas	10.000,00 €
Total	50.054,00 €

Orzamento total 67.894,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **54.315,20 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou



axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Ferrol.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Ferrol, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministrados necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a actividade subvencionada no ano 2024, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Ferrol unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos xustificados referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o



período de vixencia do convenio.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ferrol.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria,



tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva



finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---



E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación do texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Bergondo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Rehabilitación enerxética (ventilación con recuperador de calor) e outras actuacións construtivas nas escolas infantís municipais de Carrio, Lubre, Silvoso e Vixoi do concello de Bergondo

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Bergondo **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de **Rehabilitación enerxética (ventilación con recuperador de calor) e outras actuacións construtivas nas escolas infantís municipais de Carrio, Lubre, Silvoso e Vixoi do concello de Bergondo**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2.º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3.º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Bergondo** para cofinanciar as obras de **Rehabilitación enerxética (ventilación con recuperador de calor) e outras actuacións construtivas nas escolas infantís municipais de Carrio, Lubre, Silvoso e Vixoi do concello de Bergondo**, cunha achega provincial de **82.701,14** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/3230/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **103.376,42 euros**.

4.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BERGONDO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR AS OBRAS NAS ESCOLAS UNITARIAS DE BERGONDO: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA



(VENTILACIÓN CON RECUPERADOR DE CALOR) E OUTRAS ACTUACIÓNS CONSTRUTIVAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CARRIO, LUBRE, SILVOSO E VIXOI DO CONCELLO DE BERGONDO.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte, D. _____ o/a representante do Concello de Bergondo

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Bergondo** considera de primeira necesidade as obras de **Rehabilitación enerxética (ventilación con recuperador de calor) e outras actuacións construtivas nas escolas infantís municipais de Carrio, Lubre, Silvoso e Vixoi do concello de Bergondo.**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións, preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“O Concello de Bergondo conta nestes momentos con cinco escolas unitarias que dan servizo a decenas (93) de nenos e nenas no termo municipal, con idades comprendidas entre os tres e os seis anos. O Colexio Rural Agrupado (C.R.A.) de Bergondo o conforman as escolas unitarias de Carrio, Guísamo, Vixoi, Silvoso e



Lubre que se manteñen ao longo dos anos, a pesar de estar ultimamente en constante ameaza de desaparición, no só neste termo municipal, senón en todo o rural galego debido, entre outros factores, a crise demográfica existente que reduce significativamente o número do alumnado. Sen embargo, as vantaxes que ofrecen estas escolas son evidentes. Permiten unha educación moito máis personalizada, grazas ao número reducido de alumnos en cada aula, así como a optimización dos medios materiais, persoais e comunitarios, na que se aposta por unha educación integral. Estas escolas permiten ás familias enviar aos seus fillos a un centro educativo que queda moi preto da súa casa e tamén lles permite unha maior participación no seu proceso de aprendizaxe, grazas á flexibilidade deste sistema. As escolas unitarias de Bergondo fúndense coa contorna natural que as rodea, facendo posible que se poidan impartir un maior número de clases ao aire libre das que sería posible realizar nas cidades máis próximas, e todo iso sen que se resinta a educación, máis ben ao contrario, ao lograr unha motivación extra por parte dos nenos e nenas que non pasan tanto tempo dentro das aulas, a miúdo masificadas, e teñen o enorme privilexio de poder aprender desfrutando do medio natural no que viven.

A todo isto hai que engadir que nunha sola aula conviven alumnos e alumnas de diferentes idades o que supón, como ven demostrando a práctica, que os nenos e as nenas máis pequenos aprendan dos maiores, aos que imitan, e estes axuden aos máis cativos, fomentando valores de colaboración, solidariedade e igualdade. Dentro destas aulas se favorece un continuo repaso da materia xa aprendida e, así mesmo, a posibilidade de que parte do alumnado poida acceder a contidos que nun colexio da cidade correspondería a cursos superiores. Son todos aspectos que redundan nunha maior calidade educativa. Tendo en conta todo o anteriormente exposto, o Concello de Bergondo intenta velar polo mantemento destas escolas cuxa organización e funcionamento non só é correcto senón sumamente óptimo. Dentro deste obxectivo, este concello ten previsto realizar a obra de Rehabilitación enerxética (ventilación con recuperador de calor) e outras actuacións construtivas nas escolas infantís municipais de Carrio, Lubre, Silvoso e Vixoi do Concello de Bergondo, cuxo proxecto foi redactado polo arquitecto Vicente Severino Fernández-Couto Gómez, en maio de 2022, e cuxo orzamento de execución por contrata ascende a 105.527,17 euros”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Bergondo** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Bergondo con CIF P1500800F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Rehabilitación enerxética (ventilación con recuperador de calor) e outras actuacións construtivas nas escolas infantís municipais de Carrio, Lubre, Silvoso e Vixoi do concello de Bergondo”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Vicente Fernández- Couto Gómez colexiado número 1094 del COAG



2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	71.794,17 euros
Gastos xerais 13,00%	9.333,24 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.307,65 euros
IVE (21%)	17.941,36 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	103.376,42 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **82.701,14** euros o que representa unha porcentaxe de 80%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3230/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca (símbolo e logotipo) da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**



VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o



correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende o 5 de maio de 2023 e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de DECEMBRO do 2024**. Así mesmo, producirá tamén efectos retroactivos dende o 5 de maio de 2023 para a súa xustificación. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Na data de finalización, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDIÇÃO COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro.



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro, ata o 31 de outubro de 2025 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

7.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de recuperación e mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da avenida da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de recuperación e mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da avenida da Coruña, ata o 30 de xuño de 2025 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

8.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Malpica de Bergantiños polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da adquisición de tractor-desbrozadora e camión-grúa

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Malpica de Bergantiños polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da adquisición de tractor-desbrozadora e camión-grúa, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN. 1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO do 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

9.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Sada polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma interior de edificación existente (antiga escola de Carnoedo).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Sada polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma interior de edificación existente (antiga escola de Carnoedo), ata o 31 de marzo de 2025 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

10.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Mazaricos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma e ampliación do edificio de protección civil da Picota.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Mazaricos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma e ampliación do edificio de protección civil da Picota, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII do texto do convenio quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO do 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

11.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 30 de DECEMBRO do 2024. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

12.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Miño polo que se instrumenta unha



subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de renovación dun tramo da rede de abastecemento municipal e pavimentación no camiño de Outeiro Sombreu.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de renovación dun tramo da rede de abastecemento municipal e pavimentación no camiño de Outeiro Sombreu, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

13.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora do parque da feira.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora do parque da feira, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 15 de XUÑO de 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

14.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:



"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

15.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora de accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora de accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non



xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

16.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Oroso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de execución de acondicionamento de zona de ocio e deportiva en Porto Avieira.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Oroso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de execución de acondicionamento de zona de ocio e deportiva en Porto Avieira, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

17.- Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Padrón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera.



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Padrón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de DECEMBRO de 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

18.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Vilasantar polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de construción de nave para destinala a servizos básicos municipais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Vilasantar polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de construción de nave para destinala a servizos básicos municipais, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

19.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de saneamento e humanización da rúa Rosalía de Castro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de saneamento e humanización da rúa Rosalía de Castro, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de DECEMBRO de 2025. Dado que a existencia



deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

20.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto Carballo para a infancia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto Carballo para a infancia, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 15 de DECEMBRO de 2024. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e



prevista nominativamente por acordo plenario."

21.- Dación de conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto Carballo para a infancia relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto Carballo para a infancia.

Dar conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto Carballo para a infancia relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto Carballo para a infancia, asinado por Lorena Castrillón Manso, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Colexiada número 19.250 no CITOPIC, en xullo de 2024, cun orzamento de contrata de 547.075,91 €.

22.- Aprobación do novo proxecto coa actualización de prezos para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro", aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia e aprobación do texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol "O Outeiro".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º. Aprobar o novo proxecto coa actualización de prezos para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro", asinado por MOVE Proyectos e Inversiones S.L. de xuño de 2024, cun orzamento de contrata de **496.818,58 euros**.

2º. Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Cerceda para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro", establecendo unha nova data de finalización do mesmo **ata o 31 de outubro de 2025** condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

3º. Aprobar o texto do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda para cofinanciar as obras de "mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol "O Outeiro" cunha achega provincial de **277.182,41 euros** con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/3420/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do **55,79147%** respecto dun orzamento de **496.818,58 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.



ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL “O OUTEIRO”

Na Coruña, a 17 de febreiro de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. Juan Manuel Rodríguez García, Alcalde-Presidente do Concello de **Cerceda**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Cerceda** considera de primeira necesidade as obras de “obras de mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol “O Outeiro”

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello, realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico:



“...O campo de fútbol do Outeiro, está ubicado nun ámbito territorial, parroquia de Rodís, onde xogan e adestran varios equipos de fútbol da zona, de distintas categorías e idades.

A situación dos vestiarios e das demais infraestruturas é moi básica e deficiente, xa que a súa construción data da década dos 70 do século pasado, polo que xa non están adaptadas á práctica normal das actividades deportivas que alí se desenvolven.

Por outra banda, a situación do céspede reporta múltiples incidencias e carencias derivadas dunha presenza anormal de humidade, o que fai preciso unha actuación integral, xa que a drenaxe do mesmo é totalmente ineficiente, polo en época de choiva (bastante habitual en Galicia), o xogo resulta practicamente impracticable.

Todo elo, sin esquecer que a actuación trátase principalmente, da construción dunhas gradas para o público que asiste ós partidos xa que agora este sitúase nunha franxa colindante ca estrada autonómica Ponte do Porco a Muros, con alto volumen de tráfico, sobre todo de camións de gran tonelaxe con destino a Sogama e Polígono Industrial, o cal supón un perigo non só para os espectadores senón tamén para a seguridade vial.”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cerceda** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Cerceda con CIF P1502400C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol “O Outeiro”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos: Miguel Fiuza Canosa. Colexiado Número 31.521.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.



II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	345.036,87 euros
Gastos xerais 13,00%	44.854,79 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	20.702,21 euros
IVE (21%)	86.224,71 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	496.818,58 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 277.182,41 euros o que representa unha porcentaxe de 55,79147%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55,79147% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3420/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na Base 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023 **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das**



axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido mais de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación



aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos,



así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adjudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas a dúas partes e previos os informes da Unidade



Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o **22 de decembro de 2022**.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

23.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Abegondo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre o Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Abegondo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre o Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos), condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:



"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

24.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de construción de beirarrúas na Avenida da Maía en Bertamiráns.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de construción de beirarrúas na Avenida da Maía en Bertamiráns condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.



2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

25.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Val do Dubra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actuacións de mellora no entorno do CPI de Bembibre.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Y ya por último, y le pido que lo tome con la mejor de las intenciones, porque así es, voy a veces en el coche escuchando la radio, pero a veces escucho música, me gusta, y hay un grupo que me gusta mucho que se llama Viva Suecia y tienen una canción que se llama *El bien*, y dice “no te fíes de los cantantes, créete sólo la mitad de lo que ves”. Me recuerda a usted muchas veces, porque usted está más en la actuación de escenario, yo, lo mío es el teatro, pero la vida, la vida es solo sueño y los sueños, sueños son. Nada más. Nosotros nos retiramos, quedaremos en el público viendo –vamos a votar, por supuesto, a favor de este punto– qué votan ustedes en las mociones que nosotros no vamos a defender y también cómo responden a la pregunta que hemos hecho por escrito, y lo veremos desde el público. Gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, é verdade, como músico de formación que son, a min hai un bolero que fixo Tito Curet no ano 68 para unha cantante que se chamaba La Lupe e sabe como se titulaba vostede?: *Lo tuyo es puro teatro*. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Despois destas referencias *indie* e máis clásicas, procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 5/2024 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 71.048.989,95 € que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	1.293.061,47	Remanente tesourería	9.948.362,60
SC. Suplementos de crédito:	69.755.928,48	Baixas	16.100.627,35



		Maiores ingresos	45.000.000,00
Total aumentos:	71.048.989,95	Total financiamento:	71.048.989,95

B) RESUMO POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	1.000.000,00	0,00
2. Gastos correntes	450.000,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. Correntes	12.565.042,13	10.960.048,43
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	0,00	0,00
7. Trans. de capital	57.033.947,82	5.140.578,92
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	71.048.989,95	16.100.627,35

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	2.500.000,00
2 Impostos indirectos	2.500.000,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	40.000.000,00
5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	9.948.362,60
9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	54.948.362,60

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2024 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta



sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

Sr. Presidente

Esperamos un momentíño a que se desaloxe.

(Os catorce deputados do Partido Popular abandonan o Salón de Plenos).

Sr. Presidente

Proseguimos, logo. Estamos no punto 38.

38.- Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024, referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022, coa inclusión dos elementos de risco detectados na intervención previa e comunicados pola Xefa de Servizo de Fiscalización.

Dáse conta do PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2024, referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022, coa inclusión dos elementos de risco detectados na intervención previa e comunicados pola Xefa de



Servizo de Fiscalización.

39.- Aprobación da modificación da cláusula de vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Concellos do Camiño Inglés polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Mellora e posta en valor do Camiño Inglés"

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude da ASOC. CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS do 20 de setembro de 2024 na que se solicita a modificación da cláusula XIII relativa á vixencia do convenio nº 108/2022 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas á MELLORA E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INGLÉS.

O convenio tiña unha vixencia inicial de 31 de decembro de 2023, sendo prorrogado mediante acordo plenario do 22 de decembro de 2023 establecendo unha nova vixencia o 31 de outubro de 2024 e a entidade solicita modificar a vixencia do mesmo ata o 31 de outubro de 2025

ANTECEDENTES

1. No trámite correspondente á financiación por parte da Deputación do proxecto "Mellora e posta en valor do Camiño inglés", asinouse convenio 108/2022 en data 18 de novembro de 2022, establecendo unha vixencia do dito convenio ata 31 de decembro de 2023.
2. O día 25 de outubro de 2023, é dicir, dentro do prazo establecido no convenio, a entidade achegou pola plataforma SUBTEL documento de solicitude de prórroga, aportando un informe onde motiva a solicitude da mesma, sendo aprobada polo pleno provincial no pleno de 22 de decembro de 2023 establecendo a vixencia e xustificación do convenio o 31 de outubro de 2024.
3. O 20 de setembro de 2024 a entidade achega solicitude de modificación da vixencia do convenio argumentando que:
 - *Que as obras nalgún dos concellos debéronse deixar pendentes da finalización da temporada estival, por mor da afectación nos servizos, tráfico e/ou molestias aos cidadáns residentes ou visitantes, e non foron levadas a cabo antes debido ao retraso nas subministración de materiais para a finalización das obras que xa se estaban levando a cabo.*
 - *Que por esta última cuestión, o prazo de realización das obras pendentes vai ter que superar a data do 31 de outubro*



4. A cláusula XIII do convenio 108/2022 establece que:

"3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

A Asociación de concellos do Camiño Inglés solicita a prórroga do convenio 108/2022 en data 20 de setembro de 2024, dentro da data límite establecida no convenio para a posible prórroga.

5. Á vista da documentación achegada, esta unidade xestora propón a modificación da cláusula XIII do convenio no relativo á vixencia do mesmo, establecendo a mesma,

- Nova data de vixencia do convenio: **31 de outubro de 2025**
- Nova data de xustificación do convenio: **31 de outubro de 2025**

Polo que a cláusula XIII do convenio quedaría do seguinte xeito:

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio abranguerá con carácter retroactivo os gastos devangados dende o día 1 de maio de 2021 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devangados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2025, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

40.- Aprobación da modificación da cláusula de vixencia do convenio de cooperación interadministrativa entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Rehabilitación da Capela do Pazo de Goiáns"

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de BOIRO do 9 de outubro de 2024 na que se solicita



a modificación da cláusula XIII relativa á vixencia do convenio nº 98/2022 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ao REHABILITACIÓN DA CAPELA DO PAZO DE GOIÁNS.

O convenio tiña unha vixencia inicial de 31 de decembro de 2023, sendo prorrogado mediante acordo plenario do 26/05/2023 establecendo unha nova vixencia o 31 de outubro de 2024 e a entidade solicita modificar a vixencia do mesmo ata o 31 de outubro de 2025

ANTECEDENTES

1. No trámite correspondente á financiación por parte da Deputación do proxecto "Rehabilitación da Capela do Pazo de Goiáns", asinouse convenio 98/2022 en data 14 de outubro de 2022, establecendo unha vixencia do dito convenio ata 31 de decembro de 2023.

2. O día 12 de abril de 2023, é dicir, dentro do prazo establecido no convenio, a entidade achegou pola plataforma SUBTEL documento de solicitude de prórroga, aportando un informe onde motiva a solicitude da mesma, sendo aprobada polo pleno provincial no pleno de 26 de maio de 2023 establecendo a vixencia e xustificación do convenio o 31 de outubro de 2024.

3. O 9 de outubro de 2024 a entidade achega solicitude de modificación da vixencia do convenio argumentando que:

- Debido a climatoloxía adversa para a execución de remates no exterior e a necesidade dun control arqueolóxico que provoca interrupcións na obra é necesario o incremento do prazo de execución, polo que, SOLICITAMOS Prórroga de vixencia e xustificación do convenio ata o 31 de outubro de 2025


4. A cláusula XIII do convenio 98/2022 establece que:

"3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

O Concello de Boiro solicita a prórroga do convenio 92/2022 en data 9 de outubro de 2024, dentro da data límite establecida no convenio para a posible prórroga.

5. Á vista da documentación achegada, esta unidade xestora propón a modificación da cláusula XIII do convenio no relativo á vixencia do mesmo, establecendo a mesma,

- Nova data de vixencia do convenio: **31 de outubro de 2025**
- Nova data de xustificación do convenio: **31 de outubro de 2025**



Polo que a cláusula XIII do convenio quedaría do seguinte xeito:

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO DE 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

41.- Aprobación do proxecto da obra DP 0905 Betanzos ao límite da provincia de Lugo. Reforzo do firme e mellora superficial nos termos municipais de Paderne e Monfero (PADERNE)

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR o proxecto DP 0905 BETANZOS AO LÍMITE DA PROVINCIA DE LUGO. REFORZO DO FIRME E MELLORA SUPERFICIAL NOS TERMOS MUNICIPAIS DE PADERNE E MONFERO que se integra no Plan de investimentos en Vías Provinciais 2024, cun orzamento total de 561.650,12 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	ORZAMENTO	PAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0010.0	DP 0905 BETANZOS AO LÍMITE DA PROVINCIA DE LUGO. REFORZO DO FIRME E MELLORA SUPERFICIAL NOS TERMOS MUNICIPAIS DE PADERNE E MONFERO	PADERNE	561.650,12 €	3

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.



3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

42.- Aprobación do proxecto da obra Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP 0813 Sada a Armuño punto quilométrico 1+490 ao 4+920 (BERGONDO)

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR o proxecto Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP 0813 Sada a Armuño punto quilométrico 1+490 ao 4+920 (Bergondo) que se integra no Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024, cun orzamento total de 349.295,12 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0008.0	Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP 0813 Sada a Armuño punto quilométrico 1+490 ao 4+920 (Bergondo)	Bergondo	349.295,12 €	3 meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."


43.- Aprobación do proxecto Mellora de firme na DP 1902 Carballo a Razo entre o punto quilométrico 2+400 e o 9+000 (CARBALLO)

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR o proxecto Mellora de Firme na DP 1902 Carballo a Razo entre o punto quilométrico 2+400 e o 9+000 (Carballo) que se integra no Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024, cun orzamento total de 403.299,36 € con cargo á aplicación 0410/ 4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0009.0	MELLORA DE FIRME NA DP 1902 CARBALLO A RAZO ENTRE O PUNTO QUILOMÉTRICO 2+400 E O 9+000 (CARBALLO)	Carballo	403.299,36 €	5 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Popular contra o desmantelamento da seguridade preservada pola Garda Civil na provincia da Coruña

O Partido Popular de Galicia leva anos traballando para conseguir a igualdade de oportunidades entre todos os galegos, independentemente do seu lugar de orixe e de residencia, sexa esta en unha cidade ou no noso rural. Da mesma maneira, é unha premisa fundamental dos principios deste partido o compromiso firme coa seguridade cidadá, e o respaldo e respecto ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, moi especialmente á Garda Civil, que se encarga da seguridade nas áreas rurais, sendo o seu papel crave para o benestar dos veciños nestas áreas para o aseguramento dunhas condicións de vida que contribúan ao mantemento da poboación nesas amplas áreas rurais.

Lamentablemente, as políticas recentes do Goberno de España non están a ser eficaces para manter e acrecentar a seguridade dos cidadáns, xa que, segundo os últimos datos publicados polo Ministerio do Interior, no Balance sobre Criminalidade, a criminalidade no noso país segue aumentando: " no primeiro semestre do 2024, a criminalidade aumentou un 3%, pasando a taxa de criminalidade por cada mil habitantes de 43,9 puntos en 2017 a 51,7".

En Galicia, desde a chegada de Pedro Sánchez á presidencia, a criminalidade aumentou de maneira preocupante. Segundo o último informe do Ministerio do Interior, as infraccións na Coruña subiron un 3%, cun notable incremento na cibercriminalidade (18,7%), subtracción de vehículos (8,2%), roubos con violencia e intimidación (6,4% e



furtos (1,4%).

Este incremento non é casual: débese, en parte, ás políticas que favoreceron a impunidade en delitos como a ocupación, as agresións sexuais (coa Lei do "Si é Si " ou a amnistía: a mensaxe que o goberno envía coas súas decisións é que cometer delitos non sempre ten as consecuencias penais que debese. A xestión económica do goberno, particularmente en relación coa a inflación, tamén agravou a situación económica e a combinación de todo iso propicia unha contorna de maior inseguridade e criminalidade.

Nos pequenos municipios e áreas rurais, as dificultades existentes para atopar emprego, a menor dispoñibilidade de servizos e o aumento da inseguridade, agrava o despoboamento e a deterioración rexional. A Garda Civil ten como misión principal protexer estas zonas, especialmente as afastadas dos núcleos urbanos , asumindo competencias en seguridade cidadá. Con todo, os proxectos do Ministerio do Interior e do ministro Grande Marlaska son o peche de cuarteis, a redución de horarios e a eliminación de numerosos postos no persoal: a Orde Xeral 25/2023, do 28 de decembro, que regula as Compañías e Postos territoriais da Garda Civil prevé o peche de varios postos auxiliares, incluíndo catro na Coruña:

- Somozas, Cariño e Touro: tres municipios rurais con menos de catro mil habitantes e con desafíos significativos en termos de despoboamento.

- A Pobra do Caramiñal: un municipio costeiro con menos de dez mil habitantes cun serio aumento das cifras de delitos cometidos.

O desmantelamento da Garda Civil en pequenos municipios e zonas rurais afecta gravemente á Coruña. Segundo unha resposta oficial do Goberno de novembro de 2023, " os cuarteis na provincia só ofrecerán atención presencial ao público no horario de 9:00 a 14.30. Fóra deste período, a atención limitarase ás canles dixitais, como internet, vía telefónica ou a través da aplicación AlertCorps" Esta redución é incongruente coas necesidades das comarcas da provincia, que requiren unha presenza constante das forzas de seguridade debido á escaseza de recursos e a dispersión xeográfica. É imperativo que o Goberno manteña a presenza da Garda Civil en todos os municipios, especialmente nas áreas rurais, onde o seu recoñecemento da realidade local e comarcal é crucial para garantir a seguridade e protexer os dereitos e liberdades dos residentes.

Esta decisión do ministro do Interior é aínda máis preocupante se consideramos que, na Coruña, faltan 122 efectivos por completar o catálogo de postos, 213 atópanse en baixa médica e que en toda a provincia unicamente existen 12 postos abertos as 24 horas, segundo a publicación do Ministerio do Interior:

- 5 compañías, 5 PAFIF, 7 postos principais, 3 postos auxiliares e 41 postos da Garda Civil.
- 1.833 efectivos activos na provincia, con 113 efectivos ocupados en situación de reserva, 213 en situación de baixa médica , o que fai un total de máis de 300 axentes ausentes e, xunto coas xubilacións producidas neste pasado ano, o número total de activos redúcese a 1.696 en setembro, segundo unha resposta a unha pregunta parlamentaria presentada polo GPP no Congreso.

Por último, non hai que esquecer en maio deste ano, o Grupo Popular Provincial presentou ante o pleno da Deputación unha moción a fin de que se celebre unha reunión entre o Delegado do Goberno e os alcaldes da provincia, co obxecto de que se explicase o horizonte a medio prazo da Garda Civil no ámbito provincial, pero a iniciativa foi rexeitada co voto de calidade do presidente da Deputación, facendo inviable unha



interlocución directa co máximo representante da Administración do Estado en Galicia.

Por todo iso,

A Deputación da Coruña insta o Goberno de España a:

1. Reforzar e recoñecer o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os postos da Garda Civil na provincia da Coruña, proporcionando recursos adicionais tanto en persoal como en medios materiais.
2. Establecer unha colaboración efectiva cos concellos da provincia da Coruña para asegurar a adecuada protección da seguridade cidadá.
3. Garantir a atención presencial nos cuarteis da provincia da Coruña durante as 24 horas do día para atender as necesidades dos cidadáns.
4. Evitar o peche de calquera posto na provincia da Coruña.
5. Reforzar de maneira urxente os Postos da Garda Civil en todas aquelas áreas que carecen de Policía Local.
6. Cubrir todas as prazas vacantes no catálogo de postos de traballo para a provincia da Coruña que actualmente están desocupadas.
7. Desenvolver un plan de incentivos profesionais e económicos para atraer axentes aos postos de baixa demanda no medio rural.
8. Utilizar urxentemente as vacantes do persoal en reserva sen destino aumentando a dotación de axentes na provincia da Coruña.

Sr. García Seoane

Eu entendo que, se non están os que a presentaron, non se ten que tratar. Ou quen a vai ler?, quen a vai defender? Vaina defender o Bloque?, eu? Non. Quen a vai defender? Por tanto, se non están, non se poden tratar.

Sr. Presidente

Volvo a referir o asesoramento da Secretaría Xeral, que me indica no artigo 71, punto 3: As mocións incluídas na orde do día, conforme o disposto no artigo 56 punto 3 deste regulamento serán debatidas e votadas na mesma forma que os ditames. Polo tanto, hai que proceder a votala. Se hai algunha defensa, eu procederei a dar... Se hai algunha intervención, eu procederei a dar a palabra e, se non, votamos directamente. As mocións son coñecidas por todos vostedes, tiveron acceso á documentación e á literatura das mocións, polo tanto, vótanse.

(O Sr. García Seoane abandona o Salón de Plenos)

Moi ben. Procedemos á votación, entón.



VOTACIÓN

Votan a favor: ningún/ha deputado/a

Votan en contra: 15 deputados/as (9 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños - En virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

2.Moción do Grupo Popular sobre a gratuidade dos bonos do tren

Os cidadáns da provincia da Coruña, ao igual que do resto de Galicia, están a demostrar nos últimos tempos a súa aposta polo emprego dos sistemas públicos de transporte, nomeadamente o tren e o autobús, polo seu compromiso coa mobilidade sostible e pola preservación e coidado do noso medio ambiente.

Neste senso, e malia os innumerables problemas que presenta a rede ferroviaria galega como consecuencia dunha xestión que consideramos absolutamente ineficiente por parte do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, o pasado ano batéronse récords no emprego dos trens no noso territorio e este exercicio, a falta da súa conclusión e balance, todo apunta a uns parámetros cando menos similares malia os incontables problemas de falta de prazas, redución de frecuencias, retrasos e avarías dos convois, ou escasez de persoal, entre outros.

Os datos son moi ilustrativos. "Segundo o Informe anual del sector Ferroviario (2023)" da Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia, a Media Distancia Convencional supera os niveis prepandemia e tras os corredores de Rodalies, o corredor A Coruña-Santiago-Vigo é o segundo en importancia no conxunto de España, cun crecemento interanual do 41,6%. Pola súa banda, e segundo información da propia RENFE, na Media Distancia Alta Velocidade o Avant A Coruña- Santiago-Ourense é o terceiro servizo máis demandado en España, con cerca de 1,5 millóns de viaxeiros, un 41% máis que en 2022

Sen embargo, a comezos do presente mes de outubro o ministro de Transportes y Movilidad Sostenible, Óscar Puente, anunciou a súa intención de recurtar os dereitos dos viaxeiros coa próxima eliminación da gratuidade dos bonos nos trens de Medio Distancia, que é o único beneficio que teñen os usuarios nunha rede e nun servizo trufado dos constantes problemas xa citados e que o departamento estatal non foi quen, non só de solucionar, senón que levounos a un claro empeoramento nos case doce meses de lexislatura.

O ministro admitiu que a súa intención pasa por suprimir de cara a 2025 a gratuidade do servizo ferroviario de proximidade, co conseguinte prexuízo para centos de miles de coruñeses, alegando que se trataba dunha medida coiuntural e que o transporte público debía competir e ofrecer aos cidadáns outras cuestións, como confortabilidade, calidade, puntualidade e frecuencias.

Precisamente por isto, desde o PP Provincial da Coruña cremos que a gratuidade dos nosos trens de Media Distancia é máis necesaria ca nunca, tanto para axudar ás economías domésticas das familias como para compensar todas esas cuestións das que fala o responsable estatal e que están moi lonxe de ser unha realidade na nosa provincia e no resto de Galicia con eivas insufribles e trastornos para os cidadáns. Dito doutro xeito, sen confortabilidade, calidade, puntualidade e frecuencias xa que aínda non se recuperaron as que había antes da pandemia na nosa provincia, desde o Grupo Provincial Popular cremos que, polo menos, ten que haber gratuidade universal neste servizo.



Neste senso, desde o PP Provincial da Coruña compartimos plenamente a reclamación formulada a comezos deste mesmo mes pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que ten as competencias autonómicas en materia de mobilidade, por medio dunha carta cursada ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible na que se solicita o mantemento da gratuidade nos bonos de viaxes de Media Distancia, así como outras accións orientadas á mellora urxente e xeral da nosa rede ferroviaria.

A permanencia dos bonos gratuítos consideramos que axudaría a manter a actual elevada cifra de usuarios nesta modalidade de transporte público, que se complementa á perfección coa conexión en autobús, tamén con millóns de usuarios anuais grazas ás importantes bonificacións implantadas pola Xunta de Galicia, e favorecería que non houbera retrocesos na implantación dunha necesaria mobilidade sostible na nosa comunidade ao coadruvar á redución da cifra de vehículos privados que circulan diariamente polas estradas do noso territorio.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación da Coruña presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Solicitar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible que aprobe o mantemento da gratuidade dos bonos de viaxes para os trens de Media Distancia para o ano 2025 e sucesivos co propósito de favorecer o avance da mobilidade sostible na provincia da Coruña e no resto de Galicia.

VOTACIÓN

Votan a favor: ningún/ha deputado/a

Votan en contra: 15 deputados/as (9 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Ben, hai unha pregunta formulada polo Partido Popular, como moi ben dicía o seu portavoz antes de abandonar a sesión. Vaise proceder, como a pregunta realmente lle afecta a dous departamentos, vaise proceder a que un deputado e unha deputada, o deputado de Contratación e a deputada de Vías e Obras formulen a resposta. Primeiro, o deputado de Contratación e, deseguido, a deputada de Vías e Obras.

Sr. Penas Corral

Bo día a todos e a todas, aos que quedamos e ás que quedamos.

E, nada, a primeira parte da pregunta corresponde á área de Contratación. Dicur simplemente que é unha pregunta que xa se formulou no Pleno anterior, e eu estiven no meu despacho durante todo o mes, tamén houbo unha comisión de seguimento onde tamén se podía facer a pregunta, en todo caso, eu vou contestar o mesmo que tería contestado nese momento. Preguntábase en que situación contractual e funcional se atopa o servizo de *desbroce* nas estradas de titularidade da Deputación, se está vixente o contrato de *desbroce* asinado a mediados de 2021. Efectivamente, o contrato ao que fai



referencia foi asinado o 9 de xullo de 2021, cun período de vixencia de 2 anos e coa posibilidade de poder prorrogarse por 1 máximo de 2 anos máis, segundo o establecido na cláusula 3 do mesmo prego de cláusulas administrativas. Con data do 9 de xuño do 23, aprobouse unha prórroga do mencionado contrato para o período comprendido entre o 9 de xullo do 23 e o 9 de xullo do 24. Dentro do prego, contéplase que, debido ao rápido crecemento da vexetación durante os meses de primavera-verán, a campaña de *desbroces* poderá incluír tres posibles fases, sendo a primeira de maior entidade por ser o primeiro en realizarse despois dos meses de inverno e sendo as posteriores da entidade decrecente por facerse sobre os anteriores *desbroces*.

A planificación indicada alterouse este ano polas frecuentes choivas ocorridas na primavera e no verán, o que fixo que gran parte dos *desbroces* non estiveran rematados no mes de xullo, estando polo tanto o crédito correspondente ao ano 23 sen consumir. Este feito levou a un erro no cómputo dos prazos, erro –que todos somos humanos e ás veces podémonos equivocar– que fixo que non se solicitara a tempo a prórroga do contrato para os períodos 24 e 25. En ningún caso se tirou de contratos menores para atender esas pequenas necesidades que houbo.

Como o escrito inicial viña dirixido a este deputado e facíase algún comentario, vou ser moi breve, porque ademais a outra parte tampouco está, polo menos non está aquí abaixo, e comentábase no escrito se a resposta podía ser reveladora dunha certa vergoña ou dunha escasa disposición a dar explicacións presenciais ou dunha tensión interna. Obviamente, incidir en que non é ningunha tensión interna, as relacións entre Vías e Obras e Contratación son óptimas, sempre o foron e sempre o serán, sempre hai comunicación e hai reunións periódicas das cales participamos estes deputados que estamos aquí, tanto Mónica coma eu, co cal iso está descartado. En Contratación estamos ao corrente de todas as licitacións e contratacións que hai nesta casa, que son moitísimas, e, xa aproveitando o tema, estamos incluso tan ao día e tan ao corrente que falamos mesmo con alcaldes e alcaldesas que durante estes meses xa nos solicitaron subvencións nominativas por parte do PP. Moitas grazas.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moi bo día a todos e a todas. Moitísimas grazas, señor Regueira, e moitísimas grazas, compañeiro Penas.

Ben, eu tamén vou dar resposta a esa segunda pregunta, digamos, dentro destas preguntas que fixeron o Partido Popular. E a pregunta é: No caso de que non estea vixente este contrato nin outro contrato de obxecto ou alcance semellante, como se están atendendo actualmente as necesidades de *desbroce*?, con que alcance, con que criterios e con que cobertura contractual?

Eu tamén quero facer unha mención antes de concretar a resposta. Primeiro, acóllome ás palabras do compañeiro Penas, porque a día de hoxe creo que a proba de que o Departamento de Vías e Obras e o Departamento de Contratación a relación é magnífica, con esas reunións periódicas, aproveito para dar grazas ao magnífico equipo humano que conforma tanto Vías e Obras como Contratación. E tamén quero dicir que non nos escamoteamos absolutamente de nada, que con toda transparencia e con toda a responsabilidade vou dar resposta á pregunta.

No día de hoxe están realizadas as rozas incluídas nas fases indicadas anteriormente. Non é previsible ter que realizar novos *desbroces* durante o período invernal, xa que o crecemento vexetativo das plantas é moito menor. De ser o caso e se, por razóns de seguridade viaria, fose necesario facer puntualmente novas rozas,



realizaranse mediante o contrato de reparacións urxentes ou mediante pago contra facturas ás mesmas empresas que tiña adxudicado o contrato de *desbroce* e nas mesmas condicións que figuraban no antedito contrato, segundo as indicacións de Intervención. E tamén ratifico que, a día de hoxe, non hai ningún contrato menor dos ditos traballos.

Finalmente, indicar que se están a tramitar uns novos expedientes para a execución da campaña de *desbroces* nas estradas provinciais durante a anualidade 2025 e probables anualmente ata o ano 2028. Os expedientes iniciaron a súa tramitación, coa creación destes, o 4 de setembro de 2024. É dicir, e autorizados pola deputada de Vías e Obras e o presidente o pasado 12 de setembro. Digo isto porque esta pregunta se formula no Pleno de setembro, que se celebrou o 27, vale? Polo tanto, este expediente xa naceu dese traballo loxicamente dos equipos, neste caso iníciáanse en Vías e Obras, loxicamente, e o técnico e a súa firma para o inicio a creación deste expediente, repito, é do 4 de setembro, firmado por min o 12 de setembro polo presidente, perdón por min o 6 e polo presidente o 12 de setembro. Polo tanto, queda claro que isto xa viña iniciado, anteriormente a esta pregunta. Estes contratos contan cun orzamento de conxunto sen IVE e para a primeira anualidade de 2.133.786,70, e sairán nos próximos días a licitación.

Con isto creo que queda aclarado e quero reiterar o agradecemento de todos e todas que fan posible estas licitacións. Grazas.

Sr. Penas Corral

Simplemente para engadir, que antes esquecínme, e o expediente, como comentou Mónica, xa está en Contratación, xa pasou, xa revisamos o expediente, fixemos algún engadido e agora mesmo, se non é hoxe é o luns, pasará a Intervención, co cal calculamos que máis ou menos en 20-25 días xa pode estar licitado e adxudicado.

Sr. Presidente

Moitas grazas. Bo día. Levántase a sesión.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:16 horas.